

## **NECESITAMOS SER MÁIS...** **Proxectos de futuro**

Ante a realidade que estamos vivindo dende Cáritas plantexámonos a tarefa de conseguir novos apoios para seguir adiante no noso traballo. Precisamos concienciar á comunidade da responsabilidade que cada un de nós ten na solución dos problemas das persoas que viven ao noso lado.

Para conseguir este obxectivo poremos en marcha as seguintes campañas:

### **"EMPRESAS CON CORAZÓN"**

É un programa enfocado ás empresas e empresarios, está baseado niso que vimos oíndo da Responsabilidade Social Corporativa (RSC), tamén chamada Responsabilidade Social Empresarial (RSE), que pode definirse como a **contribución activa e voluntaria ao melloramento social, económico e ambiental** por parte das empresas, buscando conciliar a eficacia empresarial con principios sociais da democracia, como o apoio á comunidade e a xustiza distributiva.

Este programa estará coordinado dende a Diocesana, unicamente por voluntarios, por voluntarios con experiencia no campo empresarial e que estean decididos a involucrarse en accións tales como captación de recursos, oportunidades laborais, postos de traballo ou calquera outra forma de colaboración que cada empresa poida -e queira ofrecer-, xa que nin hai límite de colaboración nin de actividade -dentro das que Cáritas manexa- que non sexa susceptible de recibir axuda do tipo que sexa.

### **"Un socio, outro máis"**

Hai que agradecer aos actuais socios/as a súa constancia e xenerosidade, se ben se lles escribiu a todos, unha carta solicitando que entre os seus familiares ou amigos nos apoiasen con outro socio, co importe que fose e coa periodicidade que o novo socio/a desexase.



*Anagrama da campaña "Empresas con corazón"*

### **"Un amigo, un socio"**

Esta é unha campaña aberta a tódolos que participamos dunha ou outra maneira no día a día en Cáritas, sen exclusión de ningún tipo, xa que todos temos amigos, familiares, coñecidos, incluso nós mesmos que poden e podemos ser socios ou doadores de Cáritas, sen importar a cantidade ou periodicidade do seu pagamento, pero para iso debemos pórllle VONTADE, tanto para pedir como para facerse socio ou doador, debemos pórllle XENEROSIDADE para sentirse solidario coa situación dos demais e debemos pórllle ENTREGA para dar algo do noso tempo uns e diñeiro outros.

É unha campaña destinada aos que teñen un CORAZÓN XENEROSO; e desas no noso entorno coñecemos bastantes, ata diríamos moitas persoas solidarias, que, pola súa parte, teñen unha situación económica en certo xeito desafogada.

**Estas accións de presente-futuro, son accións permanentes, pois temos que conseguir que en 4 - 5 anos teñamos moitos máis socios, moitos máis doadores, co fin de poder garantir, nese prazo, unha cifra necesaria que nos axude a paliar as necesidades, máis ou menos perentorias, que se nos van a presentar e que nos permitan continuar prestando os mesmos servizos e atencións de calidade como ata agora. Esta é unha cuestión que nos compromete a TODOS e TODAS!!!**